

Ciclo de encontros virtuais

A era pos-COVID:
redeseñar o mundo

Deseño de marcas en tempos da COVID-19

Programa

- 10.30 – 10.40 h Presentación institucional:
Patricia Argerey, directora da Axencia Galega de Innovación.
- 10.40 – 10.45 h Presentación intervencións:
David Barro, director da Fundación DIDAC.
- 10.45 – 11.30 h Intervencións / relatorios:
Iván Mato, director creativo de **Jones Knowles Ritchie**.
Charo Froján e Alfredo Olmedo, creativos da marca de moda **D-due**.
Daniel Bembibre e David Silvosa, socios fundadores do estudio de marca e deseño **Costa**.
- 11.30 – 12.00 h Debate:
Deseño de marcas.



Iván Mato

Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade de Santiago de Compostela e Premio Fin de Carreira da Xunta de Galicia, Iván Mato obtivo unha bolsa da Fundación Barrié e é MA Graphic Design do London College of Communication. Actualmente é director creativo de Jones Knowles Ritchie en Londres. Traballou en consultorías de marca como Forpeople, Start JG, Interbrand, Safron, e OPX; en Nokia Design; e en Santiago de Compostela, en Ombretta etc. Entre outros, Iván Mato desenvolveu proxectos de creación ou desenvolvemento de marca para NIO, The UK National Lottery, AB InBev, Mars INC., Yamaha, Nokia, Intercontinental Hotels Group, Apollo Tyres, Siemens, Deutsche Bank, Panasonic ou a Universidade de Santiago de Compostela. O seu traballo foi premiado por D&AD, Clio Awards, Type Directors Club e Art Directors Club New York, Red Dot Design Awards e AIGA.



D-due (Charo Froján e Alfredo Olmedo)

Charo Froján estudou en Barcelona deseño de Moda e posteriormente prolonga a súa formación en Milán. No ano 1996, e tendo como soporte a industria familiar creada polos seus pais no ano 1966, crea a súa propia marca, D-due. É ademais docente na asignatura de Proxectos de Deseño no Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda da Universidade de Vigo.

Alfredo Olmedo graduouse en deseño gráfico na Escola Massana en Barcelona. Traballou varios anos en Sevilla no ámbito da comunicación e seguidamente fundou o seu propio estudio de deseño gráfico. En 1999 comeza a súa relación co ámbito da moda e traballa con Charo Froján no proxecto D-due deseñando conxuntamente as distintas liñas da marca. É así mesmo, docente no Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda da Universidade de Vigo.



Costa. (Daniel Bembibre e David Silvosa)

Costa. é un estudio de marca e deseño creado na Coruña en 2014, que traballa en proxectos globais de marca, identidade visual, deseño gráfico, dirección de arte, packaging, produto, retail e espazos. Dirixido por Daniel Bembibre e David Silvosa, traballan cun enfoque multidisciplinar que lle permitiu afrontar proxectos con clientes moi diversos como Zara, Pull & Bear, Hijos de Rivera ou a propia Xunta de Galicia. O estudio foi galardoado con dous Premios de Ouro e tres Seleccións nos premios Anuaría, e os seus socios David Silvosa e Dani Bembibre contan cunha extensa e recoñecida traxectoria no ámbito do deseño, arquitectura, a divulgación e a docencia.

David Barro é director da Fundación DIDAC. Cunha ampla experiencia en xestión, programación e estratexia empresarial, desenvolveu a súa traxectoria fundamentalmente ligado ao universo da arte, o deseño, a edición, a sustentabilidade e a innovación, como consultor estratéxico, organizando eventos e congresos, como escritor de ensaios e textos ou como comisario de exposicións, realizando máis dun centenar de mostras en institucións nacionais e internacionais. Desde 2006 é editor da revista de arte, arquitectura e deseño *DARDOMagazine*. Foi director xerente da Fundación Luis Seoane (2014-2016), asesor da Fundación Barrié (2008-2013) e crítico de *El Cultural* (1998-2014). Como docente foi profesor da Universidade do Porto e desde 2015 é profesor do Máster en Estudos Avanzados da Universidade de Salamanca e do Máster en Xestión Cultural da Universidade Carlos III de Madrid. Actualmente escribe sobre deseño en *Experimenta* e desde 2018 colabora coa Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia no Programa de Deseño para a Innovación 2020.



David Barro